

## Reflexión sobre a poética de Rosalía e Curros

### Concepción Delgado Corral

#### Formas de citación recomendadas

##### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

DELGADO CORRAL, CONCEPCIÓN (2012 [1986]). “Reflexións sobre a poética de Rosalía e Curros”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 205-212. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2204>>.

##### 2 | Por referencia á publicación orixinal

DELGADO CORRAL, CONCEPCIÓN (1986). “Reflexións sobre a poética de Rosalía e Curros”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 205-212.

- \* Edición dispoñíbel desde o 23 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## REFLEXIONS SOBRE A POETICA DE ROSALIA E CURROS

CONCEPCION DELGADO CORRAL

I.N.B. Betanzos

Rosalía en “Duas palabras da autora”, espécie de prólogo de *Follas Novas*, explica a obra como resultado dun tempo e dunhas circunstancias que comprenden o seu desterro en Castela. O libro, segundo Rosalía, trataría do estado do seu espírito unhas veces, e outras, de expor as tristezas alleas como se fosen suas. Afirmar que non é a súa unha poesía transcendente porque é muller, e as mulleres somente fan poesía de imaxinación e de sentimento. O duro traballo da meditación está reservado para os homes. Di Rosalía que nunca tentou pasar dos límites da “simple poesía” que nunha expresión feliz encontra “aquela cousa sen nome” que traspasa as nosas carnes e fai-nos estremecer.

Está expoñendo unha división da súa poética en *Follas Novas*. Por un lado clasifica a obra como poesía subxectiva na que o principal é o “eu lírico”, obxecto do poema, e por outro lado Rosalía considera que a poesía determina-se polas circunstancias que rodean ao poeta nun tempo determinado. Non participa da idea de “arte pola arte” xa que, para ela, a sociedade, o tempo e as circunstancias determinan a obra poética.

Divide así o seu libro en lírica subxectiva e poesía social xa que toma conciencia dunha situación social triste que asume como súa, porque o poeta, segundo ela, non pode ser alleo ao seu tempo, nen prescindir do meio no que vive, nen deixar de reproducir a queixa das xentes. Afirmar ignorar o que no libro haxa dos propios pesares ou dos alleos pois asume como seus os pesares dos outros.

Rosalía fai neste prólogo unha reflexión teórico-literaria na que trata o tema da finalidade ou da non finalidade da obra poética e afirma a finalidade da mesma ao plasmar a realidade concreta. No libro fará unha poesía esencialmente romántica, no subxectivismo e na imaxinación, e tamén, unha poesía social de crítica e de protesta. O “desterro” conformará a obra *Follas Novas* cunha serie de temas sociais, subxectivos e morais cheos de pensamento elexíaco, pasando o “eu” lírico no pensamento elexíaco das situacións alleas ás propias nunha mestura confusa.

A poesía transcendente, segundo Rosalía, está limitada ao grande talento do home.

E esta unha afirmación de Rosalía que vai entrar en contradición coa realidade da súa obra poética. A poesía clasificaríase así en:

- poesía grave e transcendente, propia do home.
- “simple poesía” de imaxinación e sentimento, propia da muller.

Hai que dubidar do convencimento de Rosalía nestas afirmacións e pensar que a autora está xogando co lector empregando a ironía porque Rosalía en *Follas Novas* vai protestar pola situación social da muller culpando moitas veces disto ao home. En modo algún considera que a muller sexa inferior e isto xa se ve no prólogo cando di: "No campo compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas; na casa, soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as ardeces da probeza".

Hai unha contradición nas afirmacións de Rosalía. Por un lado fai unha división da poesía segundo o autor sexa home ou muller, en "Poesía grave e transcendente" e "simples poesía", respectivamente. A "simples poesía" sería o resultado da imaxinación e o sentimento. Parece que Rosalía desterra da poesía transcendente a imaxinación e o sentimento. Por outro lado, fala da muller como un ser discriminado en relación ao home e con capacidade igual ou superior a este con "tal capacidade de sentimentos... que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre ignorados".

A primeira impresión que temos ao ler o prólogo é ambivalente ou contraditoria na idea da muller pois Rosalía parte da inferioridade da muller para facer poesía, e, máis adiante, afirma a igualdade ou superioridade en relación ao home. Está utilizando a ironía que chamaremos "ironía de maneira" afirmando unha cousa coa que non está de acordo, tratando baixo unha postura de finxido conformismo de enganar ao lector, facendo que este estableza un sistema da inferioridade da muller, que máis adiante lle fai romper xa que non hai tal inferioridade, ao que chega o lector polos datos contraditórios das afirmacións, que fan que chegue a un novo e verdadeiro significado.

A ironía aparece como un xogo co lector xa que este ha de encontrar o verdadeiro significado do poeta. Ao mesmo tempo a ironía está usada por Rosalía como unha forma de crítica da situación da muller e da idea da inferioridade desta. Mediante esta ironía que chamaremos "ironía de maneira", quizais Rosalía está representando o proceso de ilusión/desilusión que ela mesma, como muller, experimentou na súa vida, pois, como veremos, vida e obra están intimamente unidas en Rosalía. O descubrimento da ironía na obra e na preceptiva de Rosalía leva-nos a afirmar que o lector terá que ler máis dunha vez moitos poemas para non ser enganado.

Di Rosalía no prólogo, definindo a súa poesía, que é "aquela cousa sen nome que traspasa as nosas carnes e fai-nos estremecer". Está facendo referéncia con estas palabras a dous aspectos fundamentais da súa poética:

- 1) A insuficiéncia da linguaxe para expresar as súas ideas e sentimentos.
- 2) O suxerir e non dicir, característica esencial de Rosalía.

O libro de *Follas Novas* "Vaguedás" é unha obra poética na que a autora, o mesmo que fixo no prólogo de *Follas Novas*, reflexiona sobre a poesía e o poeta e isto fai do libro unha preceptiva ou arte poética pola que podemos clasificar a Rosalía dentro da modernidade ao tomar como obxecto da obra poética a poesía, a linguaxe e o poeta.

Daquelas que cantan as pombas i as frores,  
 todos din que teñen alma de muller,  
 pois eu que nas canto, Virxe da Paloma  
 ¡ai!, ¿de que a terei?.

A autora rompe aquí de novo o sistema que establecera no prólogo da inferioridade da muller. Esa pregunta que Rosalía fai é claramente irónica, a ela terán que responder os que afirman a inferioridade da muller e a clasificación da poesía segundo o autor sexa home ou muller. Non é que Rosalía se considere un ser distinto, o que ela quere e afirma a igualdade da muller e a súa capacidade para facer calquer tipo de poesía, igual que o home. Rosalía, tomando unha postura de conformismo nun primeiro momento, en canto á inferioridade da muller como poeta, critica esta idea xa na primeira composición de "Vaguedás", e demostrará que esa idea é falsa, cunha obra chea de poesía profunda, transcendente e reivindicativa que non encaixa coa idea que teñen moitos do que debe ser a muller-poeta. Parte dun "estar de acordo" e a conclusión é totalmente distinta do que debería ser pois con *Follas Novas* discrepa da idea que teñen algúns do que ten que ser a poesía que pode facer unha muller. O lector ten que romper o sistema que a mesma Rosalía lle fixo establecer mediante a ironía.

En "Vaguedás" Rosalía reflexiona sobre o seu traballo como poeta e sobre o fin da poesía:

Eu direivos tan só que os meus cantares  
 así sán en confuso da alma miña,  
 como sai das profundas carballeiras  
 ao començar do día,  
 romor que non se sabe  
 si é rebuldar das brisas,  
 si son beixos das frores...

Manifesta Rosalía nesta composición que a súa poesía é plurisignificativa e ambígua e, ao final, a posibilidade de que sexa a súa unha poesía transcendente ou polo menos en busca da transcendencia:

si agrestes, misteriosas armonías  
 que neste mundo triste  
 o camiño do ceu buscan perdidas.

A ambigüidade, figura constante na poética de *Follas Novas*, nace por dous motivos: porque o poeta non é capaz de definir a súa poesía e porque tampouco pode explicar o que lle pasa en canto persoa, así di nunha composición: / "¿Que pasa ao redor de min? / ¿Que me pasa que eu non sei? /". As ideas, pensamentos e sentimentos de Rosalía, segundo ela mesma manifesta nun poema de Vaguedás, son antitéticos, claros unhas veces, escuros outras. Sentimentos e ideas nunha ensamblaxe perfecta entre o mundo subxectivo e a realidade natural como se ve neste poema de "Vaguedás":

Tal como as nubes  
 que impele o vento,

i agora asombran, i agora alegran  
 os espasos inmensos do ceo,  
 asi as ideas  
 loucas que eu teño...

Na composición *¡Follas Novas!* manifesta Rosalía a dimensión triste da súa poesía. En “Vaguedás” está presente unha bipolarización de ideas e sentimentos alegres e tristes aínda que domina no conxunto de toda a obra *Follas Novas* a dimensión triste. As bipolarizacións axudan a que a obra resulte máis ambígua.

En “Vaguedás” como en boa parte da poesía de *Follas Novas* Rosalía manexa unha técnica irónica básica en canto á forma, que chamaremos “despotenciación, consistente en dous elementos, un de signo positivo e outro de signo negativo que despotencia ao primeiro negando-o ou entrando en contradición con el. O que pretende Rosalía coa despotenciación é manifestar ao lector un sentimento de impotencia: /“agora asombran, / agora acrarian / o fondo sen fondo do meu pensamento”/.

Impotencia para coñecer-se a si mesma ou impotencia para definir os seus versos cando di nun poema de Vaguedás: / “Diredes destes versos, i é verdade, / que tén estrana insólita armonía, / que neles as ideas *brilan pálidas* / ”.

Mediante esta despotenciación do “brillar pálido” das ideas, Rosalía manifesta como é a súa poesía: unha poesía de suxerir e non dicir na que se manifesta como poeta excepcional. En “Vaguedás”, concebida como arte poética, Rosalía parte dunha atitude inicial reflexiva e irónica na que explica en que consiste o seu proceso poético. As ideas van brillar máis pálidas. Isto é, Rosalía, parte dunha postura poética consistente en, tomando como base unha realidade, un sentimento ou unha vivencia, suxerir e non dicir, como un finxidor. *Follas Novas* dificilmente deixa ver aquilo que tal vez foi porque Rosalía compón a obra segundo a preceptiva que expón en “Vaguedás” xogando coa ironía e coa figura da “ausencia”. Ausencia é o que queda despois da lectura de moitos poemas, provocada por o poeta non querer ou non poder dicir. Rosalía é totalmente consciente deste procedemento pois ela mesma o expón en “Vaguedás”. A poesía está xa xustificada pois o poeta non ten que contar un feito da súa vida para facer poesía. O que queda despois da lectura dos poemas é un sentimento da “ausencia” pero isto é o procedemento básico do poeta. A sensación do lector é que está nese abismo existente entre a palabra e a realidade buscando algo, mais esta será tamén unha sensación que experimentará Rosalía e que expresará no poema de “Vaguedás” “¡Silencio!”. Rosalía nese comunicar un sentimento, aínda que non o feito que o provoca, é un poeta extraordinario ao facer que o lector entenda e identifique como seus uns sentimentos provocados por “algo” que ignora.

Curros a través da súa obra poética parece ter moi clara a misión do poeta: cantar a liberdade e loitar contra a inxusticia. En varios poemas fala da súa actividade de poeta e do fin da poesía, como o facía Rosalía. O enfrentar-se coa súa propia obra e o facer da poesía o obxecto do poema fai que consideremos a Curros o mesmo que a Rosalía dentro da modernidade.

“Crebar as liras” é un poema que resume boa parte da poética de Curros. A

poesía é para el compromiso e ataque ás inxusticias. Efectivamente, a maior parte da poesía de Curros responde a estas liñas, mais non toda a poesía de Curros é poesía social de crítica e de protesta xa que ten tamén poemas intimistas con retallos autobiográficos e poemas populares seguindo a liña tradicional, como tamén os ten Rosalía.

Curros define a súa poesía de dura e combativa cunha estrofa: / “Que non de Tirteo na lira, / A estrofa enérxica e fera / Da libertá dependía /”, que aprendeu no mar do Orzán para cantar a liberdade.

O mesmo que afirmaba Rosalía, o tempo e as circunstancias determinan ao poeta e condicionan un determinado tipo de poesía:

E do tempo acordándome en que vivo,  
vendo como se acaba o noso xenio,  
como desaparece a nosa raza  
baixo unha codia de ferruxe e esterco,  
cantei... ¡ a estrofa do meu canto, acesa...

Curros é consciente de que a súa maneira de facer poesía non é entendida por algúns e que non interesa a moitos:

Pronto calei... Cantara a liberdade,  
o traballo, o deber... ¡Non me entenderon  
e a pedradas botáronme do adro,  
e dende entón da patria ando extranxeiro!.

Expón a súa tristeza acusando a Galiza de que os seus artistas teñan que emigrar e chega ao ataque durísimo:

¡Toca, miniño, toca!, dixen índome:  
¡Como eu poida, tamén douche por certo  
que lle hei tocar o lombo a esa madrastra  
que ispe seus fillos pra vestir seus xenros.

O poeta coa súa idea de poesía choca contra o mundo, o “eu” lírico entra en conflito co mundo e coa realidade e collerá o desterro antes de renunciar ás súas ideas.

Curros como Rosalía afirma a finalidade da obra poética. O poeta expón na súa obra un pensamento sociopolítico progresista e tamén fai unha poesía de reflexión moral cando trata a idea de liberdade, e unha poesía intimista e autobiográfica.

Curros, como Rosalía, é demasiado modesto ao falar da súa actividade de poeta. El non se considera un bon poeta para cantar a primavera:

¡Ai, estación florida,  
gallarda Primaveira,  
quen pra botarche copras  
tivera o que non ten!...

Curros non pode cantar á primavera porque non se considera un bon poeta. El só pode cantar pola liberdade e a xusticia porque o tempo é un tempo de inxusticia. A poesía está condicionada polo tempo en que o poeta vive:

Eu sonvos o probe  
do pobo galego:  
pra min non hai maio,  
¡pra min sempre é inverno!.

Sempre que Curros fala nos seus versos da poesía define-a como unha loita para vencer as inxusticias e para que o mundo sexa o que debe ser. Poesía comprometida coa realidade e co tempo. Curros non se define como un bon poeta porque está antes o compromiso que a arte para el:

Se eu soupera cantar, decime agora:  
se eu soupera cantar, ¿pasárame esto?  
Ignorante da cencia de Talia  
E inda máis ignorante da de Orfeo.

Curros sente-se como un incomprendido. O saber cantar para el, ou ben é, non facer poesía comprometida, ou ben, saber facé-la ocultamente, isto é, usando a ambigüidade. Na poesía crítica, isto é o que diferencia a Curros de Rosalía. Rosalía, salvo unhas poucas veces que fai un ataque claro e aberto, usa a ambigüidade e a ironía para criticar e chega a utilizar a técnica irónica do desdobramento para atribuir a outras persoas o que ela mesma pensa. A crítica en Curros é aberta e clara sempre sen recurrir a ningún procedemento retórico para oculta-la.

Nun poema Curros expón outra concepción da poesía que non se contradi coa concepción anterior: a poesía como un arma que minora o sentimento:

Nin sei tocar nin sei cantar. Un día  
certo fogo sentindo de min dentro,  
de apagalo tratei cantando, porque  
disque o canto minora o sentimento.

E esta outra concepción da poesía que ten Curros. Concepción utilitária, a poesía usáda como maneira de vivir e como algo que fai máis levadeiros os sentimentos. Curros, como Rosalía, fala nos seus verbos dunha tristeza e dunha profunda dor das que non coñece a causa: / "Co fol ás costas dos meus fondos dores / dores sin causa mais tamén sin término" /.

Curros expón claramente dúas concepcións distintas da poesía que se complementan entre si:

- 1) A poesía como compromiso coa realidade social e como instrumento para acabar coas inxusticias.
- 2) A poesía como arma que minora o propio sentimento.

As preceptivas poéticas expostas por Curros e Rosalía, que a simples vista poden parecer distintas, coinciden na súa maior parte. Rosalía clasificaba a súa poesía en "poesía subxectiva" na que expresaba os seus sentimentos, e unha parte da poesía de Curros ten tamén por obxecto do poema o "eu" e os sentimentos deste. Como podemos ver en *Ben chegado*, *¡Ai!*, *Na morte de miña nai*, *Tempo deserto*, en Curros está clara a autobiografía, non esconde nada. Rosalía poucas veces fala de feitos da súa vida

porque a atitude poética é distinta á de Curros: suxerir e non dicir. Rosalía divide tamén a súa poesía en poesía obxectiva e social, poesía de compromiso cos "outros", no que coincide con Curros, e ademais, os dous farán poesía costumista seguindo a tradición.

Ao analizar *Follas Novas* encontramos un apartado, o libro Vaguedás, que diferencia a Rosalía de Curros. Neste libro Rosalía fai unha especie de "poesía pura" chegando a cuestionar a importancia da linguaxe e a relación entre a idea e a palabra como podemos ver no poema *¡Silencio!*. Neste poema Rosalía busca formas puras para expresar a súa actividade espiritual mais tropeza con que entre a idea e a forma ou palabra, hai un abismo insalvável. "Vaguedás", como arte poética, é a reflexión consciente de Rosalía sobre o seu traballo de poeta, e, ademais, algo aparte, un "corpus" de poesía esencial e autónoma que busca expresar a esencia da realidade. Neste desexo de expresar a esencia da realidade Rosalía vai tropezar coa insuficiencia da linguaxe. O poema "¡Silencio!" é unha negación do acto da escritura e ao mesmo tempo unha constante recriación baseada nesa negación. A experiencia poética para ela nace dun "non dicir" mais tamén dun "non ser capaz de dicir", isto pola insuficiencia da linguaxe. Rosalía busca un significante, unha forma, e isto é o que a fai entrar na modernidade e o que a distancia de Curros. Podemos considerar a Curros e Rosalía como dous poetas que entran de cheo na modernidade porque se enfrentan coa súa propia actividade como poetas, mais, aínda que Curros canta, como máis tarde o farán os futuristas, o mundo mecanicista, Rosalía vai máis alá ao enfrentarse co problema da busca dunha forma.

Os dous coinciden en facer unha poesía comprometida coa realidade galega. A crítica é forte e clara en Curros como tamén o é, en moitas ocasións en Rosalía, vexamos o poema "A xusticia pola man". Outras veces, a crítica de Rosalía, parte da súa concepción poética, evidente sobre todo na poesía subxectiva, de "suxerir" e non atacar abertamente, ou retomando a técnica irónica, ben mediante a ironía de maneira, ben mediante o desdobramento consistente en poñer a crítica na boca de outras personaxes. A poesía comprometida en Rosalía é tan crítica como a de Curros, o que os diferencia é os distintos procedimentos poéticos utilizados, que fan que a crítica sexa aberta e clara en Curros mentras que en Rosalía aparece moitas veces baixo unha capa de irónico conformismo ou de distanciamento a terceiras persoas.

Coinciden tamén na concepción do tempo na súa obra poética, cun pasado alegre e un presente triste en Rosalía, e cun tempo optimista en Curros no que o "eu" lírico sente-se con forzas para acabar coas inxusticias, mais o paso do tempo, coas propias desgracias, e o contraste entre o mundo que é e o que Curros pensa que debería ser, fan que chegue á desilusión e á tristeza.

O desterro conforma unha parte da obra lírica dos dous poetas e enche a obra dos dous de pensamento elexíaco.

Hai un símbolo de pedra que aparece nos dous intimamente unido á idea do tempo: a catedral e o mosteiro. O mosteiro é o símbolo dunha época inxusta que se mantén, para Curros, que o califica de "hidrópico a negro". A catedral é para Rosa-



lía a testemuña do tempo pasado e feliz: /“Saberán eles que son a mesma / daqueles tempos?”/.

Curros lamenta-se polo esquecemento en que a xente ten a Rosalía pois está preocupado pola non pervivencia do poeta na mente da xente: /“Quen sabe si, deste recinto santo, / non quedará mañá pedra con pedra”/. Rosalía quere pervivir e sente envexa da catedral porque esta si pervivirá:

I as pedras quedan..., e cando eu morra,  
ti, catedral,  
ti, parda mole, pesada e triste,  
cando eu non sea, ti inda serás.

Os dous intentan pervivir e fan-no a través das súas obras.

Rosalía e Curros coinciden tamén en ter unha concepción da vida bastante negativa. A vida para Rosalía é “unha noite de penas”: / “Que a noite das penas / me envolve loitosa”/.

Curros di: /“Abrin os ollos, triste noite escura / cubriume enloitecida/. Para Curros o atributo da noite é a escuridade, que el teme e que se contrapón á idea da luz e do progreso, noutro nivel. Para Rosalía, a luz é tan negativa como a escuridade, xa que, o atributo da noite é a pena, e a noite é todo, luz e escuridade.

Podiamos falar de temas e subtemas que coinciden nos dous poetas mais isto levaría-nos a estender-nos demasiado. Sí, queremos insistir no recurso da ironía. A ironía é un procedemento que está presente na obra *Follas Novas* xa a partir do prólogo e que conformará a obra enteira. O captar estas características irónicas é fundamental para a comprensión correcta da mensaxe poética. Mediante a actitude irónica Rosalía establece un sistema que logo o lector ten que romper máis dunha vez. Chega a ser isto un xogo co lector no que Rosalía representa o papel de EIRON da Comédia Grega ao aparentar ser menos lista do que en realidade era, e o lector sería o ALAZON.

A ironía de Curros non é esencial para a comprensión da mensaxe poética. Utiliza este procedemento en varias composicións entre as que destaca o poema “No convento”. O poeta presenta nesta composición unha contraposición entre a idea de Deus que a Igrexa e a idea do Demo, escollendo Curros ir-se co demo pois este é presentado pola igrexa como un desgraciado. A contraposición é entre a realidade que nos presentan e o deber ser, que constantemente aparece na poética de Curros. O poeta manifesta unha idea de Deus humanizado co que el mesmo pode xogar a neno pícaro: /“O Padre Eterno miro, fusco, austero / está serio comigo porque un día / chameille vello nunha poesía / Pero o rapaz ben sabe que lle quero /”.

Rosalía e Curros coinciden en ter unha “ironía metafísica” xeral na obra poética dos dous, ao tratar as contradicións da realidade humana. Nace esta ironía do contraste entre o que o “eu” espera da vida e o que de verdade recolle desta. O resultado é a profunda tristeza do “eu”, que buscando un significado chega a ver a falta de todo significado, mais a busca continua nos dous aínda que con menos forza. O sentimento final é de impotencia.